

Localización xeográfica da Ruta do Monte Roxal Teixido




Ruta do Monte Roxal Teixido

É unha das 5 rutas que se pueden facer en Trabada. Variada gama de paisaxes onde o visitante entra en contacto cos distintos usos do solo presentes no territorio galego.

O primeiro tramo ascende ó longo do bosque de frondosas xunto ó río. Pasando As Liñeiras entramos en contacto cos ecosistemas de orixe antrópico, relacionados cos aproveitamentos forestais de masas de piñeiros, acacias e eucaliptos. Xa na Fraga de Teixido avanzarase ó carón do rego dos Navais, acompañados pola vexetación típica de ribeira, bidueiros, freixos, arandos, espiños e ameneiros. O remate da ruta atoparémonos con parcelas adicadas ó aproveitamento do eucalipto, prados e cultivos.

Sinalización do sendeiro



Continuidade do sendeiro




Cambio brusco de dirección



Cambio de dirección



Dirección errada



Indicador dirección




Derivacións, iguais cunha diagonal

Dificultade: Media, baixa.

Percorrido: 7,70 Km. aproximadamente.

Duración: 3:00 h. aproximadamente.

Desnivel: 300 m. aproximadamente.



Concello de Trabada

Concello, 15
27765 Trabada

Teléfono: 982 13 50 11
Fax: 982 13 52 57



Conserva o teu entorno,
non botes lixo na Fraga.




PR 82®

GALICIA

Trabada - LUGO

Ruta do Monte Roxal-Teixido

Sendeiros sinalizados





Eucalipto
(*Eucalyptus globulus*)

Árbore exótica da familia das mirtáceas procedente de Australia que alcanza gran altura (ata 40 m.). A súa casca é lisa e de cor grisada. A madeira é moi útil, e das súas follas extráese a esencia de Eucalipto que arrepende ben e ten propiedades medicinais.



Bidueiro
(*Betula pendula*)

Da familia das betuláceas, é unha árbore esvelta (ata 20 m.), coa casca branca. De corta vida, non tolera a sombra polo que é desprazado por piñeiros e carballeos. Plántase como protector das especies forestais. A madeira úsase para facer zocas.



Acacia Negra
(*Acacia melanoxylon*)

Árbore da familia das leguminosas, casca moi escura. Flores de cor branca, florece entre marzo e abril. O froito é unha legume comprimida lateralmente, algo revirada e marrón. Cultivada como ornamental e pola súa madeira que é moi apreciada en ebanistería.



Piñeiro
(*Pinus sylvestris*)

Árbore da familia das coníferas de follas aciculares en pequenos feixes, masculinas e femininas en distintas polas. É moi característica a súa follaxe verde-azulada. Árbore moi útil pola súa madeira e resina. O seu froito é a pita.

Pódense observar algunas panorámicas sobre o Val de Lourenzá formado polos ríos Batán e Baos, rodeado polas estribacións montañosas da Serra da Cadeira o Cerdal de Neda e a Serra de Lourenzá.



Ameneiro
(*Alnus glutinosa*)

Árbore betulácea propia das ribeiras. Estructura piramidal que alcanza ata 20 m. ou en forma arbustiva agaiada. A súa madeira, blanda pero resistente baixo a auga, empégase para facer zocas. É moi importante para a conservación das ribeiras dos ríos ou lagos.



Freixo
(*Fraxinus excelsior*)

Pertence á familia das oleáceas, de mediana altura, abundantes polas, tronco grosso e de cor cinza, delgado e suced. Follas de cor verde pálido e fruto alado. Flores purpúreas en pequenos grupos. A madeira, pálida, dura e elástica, é moi demandada.



Carballo
(*Quercus robur*)

Árbore robusta que pode superar os 40 m. de altura. Ten follas lobuladas sen pelo. As flores masculinas son colgantes e amarellentas. As femininas son diminutas. O seu froito é a landra, usada como alimento para o gando. A súa madeira é moi dura e utilizase para facer bocós.



Fleito real
(*Drimus regalis*)

Planta sen flores, de follas moi grandes, que poden acadar os 2 m. de altura. Coñecido como fleito real polo seu elegante porte. Tivo presenza na terra desde a época dos dinosauros, existindo fósiles desde hai 65 millóns de anos.



Zona de aparcamiento



Panel informativo



Fonte



Refuxio cheiva



Vista panorámica